



paxariños



Samuel L. París
paxariños
<http://pararaparis.wordpress.com>

paxariños

introdución

este poemario vai sobre paxariños

en serio
é un poemario no que vou falar sobre cousas de paxariños
a min faime moito chiste poder escribir este poemario

non vai con sentidos ocultos / non ten significados ocultos / é un poemario só sobre paxariños

ao mellor / despois de dicir isto / pensades que si que ten sentido oculto

esta introdución pode que estea facendo un fraco favor¹ ao propio poemario

paxariños é un bo asunto sobre o que tratar / asumídeo² / fotografar paxariños xa está de máis

é un poemario sobre paxariños e deixémonos de introducións raras

¹ Esas fórmulas xornalísticas mierder...

² O escritor que se cabrea con “alguén”. Disque. Seica.

si
imos ao asunto

primeira secuencia: o hotel dos paxariños

o hotel dos paxariños #1

o hotel dos paxariños
ten un paxariño na porta que é o paxariño que ten que axudar a quen veña
ao hotel
coas maletas
pero como ten unhas ás pequeniñas de todo
non pode coller as maletas
e cáenlle ao chan
e as cousas das maletas rompen
e sempre lle están berrando
desde a xerencia do hotel
e ninguén sabe por que aínda traballa alí

no hotel dos paxariños
hai un paxariño de uniforme que está dentro dun elevador

os clientes dinlle
vou a tal andar
e el ten que clicar o número do andar ao que queren ir
no panel cheíño de botóns que ten diante

clica o botón co peiteiro

ti clicarías os botóns dun elevador coa túa boca no teu traballo?

a clientela ten en moi mala estima ao paxariño do elevador

puto loco

no hotel dos paxariños
hai un paxariño encargado de limpar o chan dos diferentes andares

é moito choio

ademais
o paxariño non ten conciencia de que cagar en calquera parte estea mal

leva toda a vida facéndoo

deixa a súa labor a medias

é unha pasada que entendese que ten que limpar o chan
e que non aprendese a non cagar everywhere

e
o que máis sorprende aos seus xefes
é que é puntualísimo

ten un control envexable sobre o horario e tamén
un dominio criminal sobre as diferentes tarefas do seu oficio

pero non pode evitar cagar no chan que acaba de limpar

un desastre

segunda secuencia: a comisaría dos paxariños

a comisaría dos paxariños #1

cando o pánico aumenta na cidadanía
ninguén se acorda da comisaría dos paxariños
porque non fan unha merda por eles

a comisaría dos paxariños #2

nas computadoras da comisaría dos paxariños
teñen un sistema operativo adaptado
ás súas condicións de paxariños
ás súas condicións de policías

calquera tecla que tocan
dá unha descarga eléctrica

que agardaban?

tras a última redada
arrestáronse quince gatiños birollos

tras a penúltima redada
arrestáronse doce canciños albinos

tras a antepenúltima redada
arrestáronse sete lobos tatexos

aínda a día de hoxe
non se sabe que foi dos detidos
porque se foron comendo os paxariños que os arrestaban

que raro todo na comisaría

terceira secuencia: o polideportivo dos paxariños

o polideportivo dos paxariños #1

centos
e centos
e centos e centos
e centos e centos e centos
e centos e centos e centos e centos de paxariños atrapados na rede da portería

o polideportivo dos paxariños #2

dúas bandadas de paxariños
quedan
todos os venres de todas as semanas
desde hai moitos meses
para botaren unha pachanga
no polideportivo dos paxariños

pero non son quen de mover o balón porque son unhas mingurrias de paxariños
e tampouco saben as normas do fútbol-sala

con todo
continúan quedando sempre á mesma hora

non o abandonan

son uns idiotas

o polideportivo dos paxariños #3

como teñen unhas ás tan feitiñas e tan bonitas
e tan inútiles
non poden virar a billa da ducha
e a auga sempre está quentiña de todo dentro tanque

cuarta secuencia: a sala de concertos dos paxariños

a sala de concertos dos paxariños #1

—seica esta noite non está o guitarra que o estaba acompañando na xira / polo visto tiveron un problema porque a súa chorba / bah / un rollo / unha movida vaia / pero tampouco é seguro que sexa así o conto / a min / si / a min díxome un colega que / que vamos / que coñece a banda desde que se formou / e que di que xa o tema viña de longo / pero disque o guitarra que vén hoxe xa tocou varias veces con el / que ten experiencia e tal / toca en varias bandas / xa sabes / un mercenario / hahaha / saio fóra fumar / saes?

—se saio / voume / que eu son un paxariño

a sala de concertos dos paxariños #2

—agradecidos a todos por acompañarnos neste primeiro concerto fóra do noso país /
agradecemos a acollida e o trato que nos deron desde que chegamos / e / que? / si / e
nada / imos tocar xa o noso último tema que nos din que hai que cortar o son /
agardamos que cantedes este tema connosco / este tema / si / este tema é unha versión
de...

—por fin / porta aberta / voume / son un paxariño / vaivos aguantar vuestra puta madre

—perdoa? / podes axudarnos un momento / é que imos levar o material para a furgona / que a temos aí de mala maneira / aí diante dun vado / fasnos favor? / si / si só hai que coller isto da batera e estas fundas / si? / é que o baixista non puido vir ás probas de son que ten choio e si / si / o cantante anda mal do brazo / escarallouno o outro día / foi unha bobada / pillouno / vamos / pilláronlle o antebrazo coa porta do garaxe / si / é que ensaiamos no garaxe dos pais del / que nolo deixan / si / son moi enrollados / pero mira / só sería un momento

—porta aberta / adeus

a despedida: a despedida triste dos paxariños

a despedida triste dos paxariños

os paxariños agardaban na estación de tren
que todo rematase
que tocase partir

os paxariños fitaban
tristes
o reloxo da estación
que non deixaba de avanzar monocorde e aburrido

os paxariños odian o tempo
os paxariños odian despedirse
porque
a verdade
é que os paxariños nunca marchan

os paxariños
sempre
están